



CONCELLO DE RÁBADE

Praza de 28 de maio, S/N 27.370 Rábade – LUGO Tfno.: 982.39.00.62 Fax: 982.39.04.11

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DO CONCELLO DE RÁBADE

(BOP N° 290, de 19 de decembro de 2009)

Artigo 1º. Fundamento e natureza

De conformidade co previsto no artigo 117 en relación co artigo 41, ambos os dous da Lei 39/1988 do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, este concello establece o prezo público pola prestación dos servizos da Escola Municipal de Música do Concello de Rábade.

Artigo 2º. Concepto

O prezo público regulado nesta ordenanza constitúe unha prestación patrimonial de carácter público que satisfarán os usuarios que voluntariamente soliciten a prestación dos servizos da Escola Municipal de Música do Concello de Rábade.

Artigo 3º. Obrigados ao pagamento

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza os que soliciten ou se beneficien da prestación de servizos ofrecidos pola Escola Municipal de Música do Concello de Rábade.

Artigo 4º. Contía dos prezos públicos

As tarifas serán as seguintes:

1. Alumnos empadroados ou que cursen estudos en centros educativos de Rábade:

Cotas mensuais:

- 1.a) Música e movemento (clases en grupo, 1 hora á semana): 15 euros/mes
- 1.b) 1 instrumento: (clases individuais de 1 hora á semana, mais 1 hora de linguaxe musical en grupo): 48 euros/mes.
- 1.c) Linguaxe musical (clases en grupo, 1 hora á semana): 15 euros/mes.

2. Alumnos non empadroados que non cursen estudos en centros educativos de Rábade:

Cotas mensuais:

2.a) Música e movemento (clases en grupo, 1 hora á semana): 15 euros/mes

2.b) 1 instrumento: (clases individuais, 1 hora á semana): 50 euros/mes.

2.c) Linguaxe musical (clases en grupo, 1 hora á semana): 15 euros/mes.

Artigo 5º.- Bonificacións.

Aplicarase unha bonificación do 50% sobre os prezos establecidos respecto aos alumnos que acrediten a súa pertenza a familia numerosa.

En casos excepcionais a Alcaldía, de oficio ou a petición do interesado, e previo informe dos servizos correspondentes, poderá acordar a exención total ou parcial das tarifas expostas.

As presentes bonificacións non serán aplicables aos alumnos referidos no apartado segundo do artigo 4º da presente ordenanza.

Artigo 6º. Normas de xestión.

1. A obriga de pagamento do prezo público nace no momento no que se inicie a prestación do servizo, entendéndose por tal a formalización da correspondente matrícula que terá lugar no departamento de Cultura do Concello de Rábade.
2. Coa solicitude de matrícula deberá incluírse o número de conta bancaria no que serán aboados os recibos (domiciliación bancaria). O pagamento realizarase por meses anticipados dentro dos oito primeiros días de cada mes. A falta de pagamento dunha mensualidade implicará a baixa automática na Escola Municipal de Música do Concello de Rábade. Os estudos en centros educativos de Rábade acreditarase mediante certificación expedida polo centro correspondente, que se axuntará coa solicitude.
3. No suposto de que con posterioridade á presentación da solicitude e antes do primeiro día de clase, os solicitantes desistisen do servizo solicitado, procederase á devolución de oficio do importe aboadado.
4. Cando por causas non imputables ao obrigado do pagamento do prezo, non se preste o servizo, procederá a devolución do importe correspondente.
5. No caso de existir varias solicitudes coincidentes e estas superen o número de prazas existentes para cada actividade darase preferencia, en condicións de igualdade, aos particulares empadroados no Concello de Rábade e aos matriculados en centros educativos sitos en Rábade que acrediten a súa participación nas actividades culturais municipais en anos anteriores.

6. En casos excepcionais a Alcaldía, previo informe dos servizos correspondentes, poderá acordar a exención total ou parcial das tarifas expostas.
7. As débedas por prezos públicos poderán esixirse polo procedemento de apremio.

Disposición transitoria

As tarifas previstas no artigo 4º da presente ordenanza comezarán a aplicarse no curso 2009-2010 e se manteranse en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Disposición derradeira

A presente ordenanza, unha vez aprobada definitivamente, será publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse unha vez transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e manterase en vigor mentres non se acorde a súa derogación ou modificación expresa.

Rábade, a 9 de decembro de 2009.
O ALCALDE,

Asdo.- Francisco Xosé Fernández Montes.